

BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DA AED

A Asociación de Empresarios de Deza quere contribuír ao embelecemento do centro urbano de Lalín enchendo de imaxes fermosas os escaparates baleiros dos establecementos comerciais pechados. Con tal motivo, convoca este concurso e convidate a participar para que as túas fotografías poidan formar parte deste gran escaparate dos principais atractivos turísticos de Lalín.

Este concurso de fotografía está suxeito ás seguintes BASES:

1. PARTICIPANTES: Poderá participar neste concurso calquera persoa maior de 16 anos, agás os membros do xurado, os traballadores da AED e os/as familiares directos dos mesmos.

2. TEMÁTICA: As fotografías deberán representar atractivos turísticos de Lalín, en calquera dos seus múltiples eidos: paisaxes, natureza, arquitectura, gastronomía, patrimonio, historia, lecer, cultura, costumes, etc.

3. OBRAS: Cada participante deberá presentar un mínimo de cinco fotografías e un máximo de dez, debendo ser obrigatoriamente imaxes orixinais non anteriores ao 1 de xaneiro de 2019. Cada participante responsabilízase de ser o único autor e de que non existan dereitos a terceiros, así como de calquera reclamación de calquera índole sobre as fotografías presentadas ao concurso.

4. PROPIEDAD INTELECTUAL: Coa presentación das obras ao presente concurso, os participantes ceden á Asociación de Empresarios de Deza os dereitos de explotación das obras, en especial os dereitos de reprodución, transformación, comunicación pública e distribución, para un ámbito mundial, durante o máximo tempo permitido pola lei e para calquera modalidade de explotación existente no momento da aceptación das presentes bases. A cesión implicará a plena disposición dos dereitos por parte da Asociación de Empresarios de Deza, inclusive comercial, podendo cedelos ou licenciar total ou parcialmente, sen ningún tipo de limitación, así como empregar posteriormente as obras con fins culturais, artísticos, publicitarios, citando -sempre que sexa posible- o nome do autor/a de maneira directa ou indirecta, atendendo, en todo caso, ao que se dispón na Lei de Propiedade Intelectual.

5. PRESENTACIÓN: As fotografías entregaranse en formato dixital (JPEG ou TIFF) e deberán ter a calidade suficiente para a súa impresión ampliada (resolución mínima de 300 ppp), podendo ser tanto en branco e negro coma en cor.

6. ENVÍO: As fotografías remitiranse por wetransfer ao enderezo asociacion@aedeza.com xunto cun documento explicativo que recolla a seguinte información: datos do/a autor/a (nome, apelidos, data de nacemento, enderezo, código postal, teléfono e correo electrónico) e unha breve descrición de cada imaxe, do lugar no que foi captada e da súa data.

7. PRAZO DE ADMISIÓN: O prazo para presentar as obras estará aberto desde a presentación pública do concurso a través dos medios de comunicación ata o venres 20 de novembro ás 20.00 horas. Non se admitirán fotografías presentadas fóra deste prazo.

8. PREMIOS: A Asociación de Empresarios de Deza entregará 5 premios de 200 € en vales de compra -para canxear nos comercios e establecementos de hostalaría asociados á AED- aos cinco fotógrafos que resulten finalistas.

9. FALLO: O fallo do xurado farase público o sábado 28 de novembro de 2020 e será comunicado a través das redes sociais da AED, da páxina web www.aedeza.gal e mediate nota de prensa aos medios de comunicación, ademais doutras canles que se poidan considerar de interese.

10. XURADO: O xurado estará composto por representantes da Xunta Directiva da AED, da Comisión de Comercio, da axencia de comunicación da AED e por fotógrafos profesionais, que valorarán as fotografías presentadas segundo criterios de creatividade, orixinalidade e calidade técnica. O xurado, cuxa composición darase a coñecer a través das redes sociais da AED, será o encargado de elixir os cinco fotógrafos premiados e de elaborar un ranking coas 5 fotografías máis valoradas.

11. ACEPTACIÓN DAS BASES: A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada unha destas bases e do fallo inapelable do xurado.

12. PRÓRROGAS OU SUSPENSÍONS: A Asociación de Empresarios de Deza, no caso de existir causas de forza maior alleas ao seu control, resérvase o dereito de efectuar calquera cambio, suspender, acurtar ou ampliar o período de duración do concurso, comprometéndose a darlle ás devanditas modificacións o grao de publicidade que resulte necesario. Polo tanto, a entidade organizadora queda exonerada de calquera responsabilidade que puidera derivarse de calquera circunstancia imputable a terceiros e que puidera afectar ao desenvolvemento da mecánica do concurso e aos premios. No mesmo sentido, a entidade organizadora non será, en ningún caso, responsable de calquera dano, de calquera natureza, directo, indirecto e/ou circunstancial, xa sexa inmediato ou diferido, que puidese aparecer con ocasión ou como consecuencia de poder gozar do premio.

13. DESCUALIFICACÍONS E PENALIZACÍONS: Establécese a posibilidade de dar de baixa ou descualificar a usuarios/as que incumpran as regras do concurso ou de penalizalos/as no caso de que algún/ha participante e/ou gañador/es do/s premio/s actúe/n de xeito fraudulento.

14. EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE DA AED EN CASO DE INCUMPRIMENTO DOS PARTICIPANTES: Ante o incumprimento dun participante ou ante o uso que o premiado poida facer co premio recibido, a entidade organizadora non se fará responsable no caso de que o gañador fixese un mal uso do premio ou incumprise co disposto nestas bases legais.

15. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: Aos efectos do disposto na normativa de protección de datos, a continuación informamos da política de privacidade aplicable aos datos que faciliten os participantes con motivo da súa presentación ao concurso:

- O responsable do tratamento dos datos é a Asociación de Empresarios de Deza - Centro Comercial Aberto de Lalín, con CIF: G36187169, enderezo fiscal en R/ Otero Pedrayo, nº 24 – Baixo, en Lalín, número de teléfono: 986-787091 e correo electrónico: asociacion@aedeza.com

- Finalidade do tratamento:

O responsable tratará os datos de carácter persoal que o concursante facilite con motivo da súa participación no presente concurso para a xestión do mesmo, así como no caso de resultar agraciado/a para poñerse en contacto co gañador e xestionar o premio.



Os datos de carácter persoal dos gañadores poderán ser empregados -incluída a súa imaxe-, para comunicar a identidade dos gañadores a través dos distintos medios de comunicación, incluída as páxinas web ou os perfís en redes sociais da entidade organizadora.

- Os datos facilitados conservaranse o tempo estritamente necesario para o cumprimento da finalidade ou finalidades concretas que motivaron a súa recollida, ata a perda de relevancia do seu uso ou, en todo caso, ata que sexan cancelados en resposta ao exercicio, por parte do titular, dos dereitos correspondentes.

- A base legal para o tratamento dos datos é o consentimento obtido do interesado durante a inscrición no concurso.

- Os datos dos participantes comunicaranse na Asociación de Empresarios de Deza e Centro Comercial Aberto de Lalín.

- Os datos persoal/s premiada/s serán publicados en prensa e nas redes sociais de AEDEZA e CCA de Lalín. Non se efectuará comunicación a outra entidade, salvo aquelas comunicacións que se producen por obriga ou necesidade legal. Non se producirán transferencias a terceiros países ou organizacións internacionais.

- Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se AEDEZA - CCA de Lalín están a tratar datos persoais que lles afecten ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos. En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente estes serán conservados para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. CCA de Lalín deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.



- O interesado ten dereito a retirar o consentimento en calquera momento, sen que iso afecte á licitude do tratamento baseado no consentimento previo á súa retirada.

- Para obter información adicional sobre os dereitos facilitamos enlace da páxina Web da Axencia Española de Protección de Datos (<https://www.agpd.es/>).

- Para poder obter información adicional sobre a nosa política de privacidade, facilitamos enlace da páxina Web da Asociación de Empresarios de Deza (<http://www.aedeza.gal>). O interesado, para exercer o seus dereitos, pode escribir un correo electrónico a asociacion@aedeza.com no que debe identificarse achegando copia do seu DNI e indicar o dereito que desexa exercer e o motivo.

16. FORO XURISDICCIONAL E LEI APLICABLE: A lei aplicable será a española e o foro xurisdiccional, en caso de conflito, será a dos xulgados e tribunais da vila de Lalín.

17. OUTRAS CONSIDERACIÓNS: Calquera situación non prevista nas mesmas poderá ser resolta segundo o criterio da Asociación de Empresarios de Deza.